FÍOS

Vaia, oh! Non te podes enfadar comigo por iso! Sabes que non o fixen á mantenta. Es o meu único amigo, tes que entendelo. Vale, si, ela é importante pero contigo comparto máis.

Deiche unha patada no cu. Si, e? Ti déchesme uns cachiporrazos na cabeza. Non pensas que eu tamén me puiden sentir humillado cando todos riron? Pero non me anoxo contigo, porque o fixeches sen querer.

Ademais ao final ela bicoute a ti, non a min. Iso tívocho que compensar en algo, non?

Vimos do mesmo lugar, e sabemos que a nosa existencia non é fácil. Nas horas que pasamos pechados nese cubículo escuro soñabamos co día en que puidésemos saír e ver o sol. Ese día chegou, onte vimos o sol, por fin. Non o estraguemos rifando por quen bateu máis a quen. Se ao final é outro o que decide por nós. É outro o que move os nosos fíos.

Por favor, non te enfades comigo. Ti sabes tan ben coma min que non é fácil a vida dunha marioneta.

Lucía Alonso Cameselle